

De acordo co artigo 10 da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego, constitúese o grupo de traballo mixto entre o Concello de **Castroverde**, promotor do Obradoiro de Emprego “ **O Castro II** ” e a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria .

Pola Entidade promotora:

José M^a Arias Fernández, Alcalde -Presidente do Concello de Castroverde.
M^a del Pilar Ferreiro Villar, Concelleira do Concello de Castroverde.

Pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria :

Luís López López , Técnico Escolas Obradoiro.
Francisco Quinzá-Torroja García, Técnico Escolas Obradoiro

Constituído o grupo de traballo mixto decide por unanimidade que para proceder á selección de:

- 2 Monitor Xardinaría
- 1 Administrador (1/2 Xornada)

que van desenvolver as súas funcións dentro do Obradoiro de emprego “ **O Castro II** ” se presentará oferta de emprego na oficina de emprego de **Lugo sur**, así como que o persoal será seleccionado de acordo coas bases aprobadas nesta sesión.

Para a selección do director presentárase oferta de emprego na oficina de emprego de **Lugo sur**, sendo a ocupación esixida para o posto de director do obradoiro a de **Enxeñeiro de Montes, ou Enxeñeiro Agrónomo** , cunha experiencia mínima de **24** meses na ocupación **debendo acreditar a competencia docente**. De dita oferta xenérica sairán os candidatos de entre os cales ó Grupo de Traballo elixirá o candidato mais axeitado as funcións a desenvolver tendo en conta o baremo de selección indicado nas bases do Director aprobadas nesta sesión.

Para a selección dos alumnos-traballadores participantes presentárase oferta de emprego nas oficinas de emprego de **Lugo sur e Mondoñedo**, que enviarán dentro do posible 3 candidatos por posto, sendo os requisitos mínimos a cumprir polos candidatos o de ser desempregados, maior de 18 anos, e cumprir os demais requisitos indicados nas bases de selección dos alumnos aprobadas nesta sesión.

Para a selección doutro persoal que no transcorrer do obradoiro pode ser preciso para o correcto desenvolvemento do proxecto poderase acudir tanto a convocatoria pública como oferta de emprego, aplicándose para a selección os baremos aprobados nesta sesión.

O Grupo Mixto quedará constituído e poderá actuar coa asistencia da metade dos seus membros dos que polo menos un será dos designados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria .

No caso de producirse calquera circunstancia que deixe vacante unha praza deberá cubrirse en primeiro lugar co candidato seguinte dos declarados aptos e así sucesivamente ata rematar a lista de reservas , e no caso de que non exista esta ou se esgote acudirase a convocatoria pública ou oferta á oficina de emprego.

Lugo a 22 de xuño de 2016

